

INFORME DE INTERVENCIÓN

En virtude do disposto no artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e no artigo 18.4 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, en Materia Orzamentaria.

Vista a Providencia de Alcaldía de data 21/09/2017, a Memoria e o Informe Económico-financeiro suscrito ao efecto, emito o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. O Proxecto do Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2017, formado pola Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello, está integrado polo Orzamento único da Entidade Local.

SEGUNDO. Ascende á cantidade de 8.968.605,70 euros no Estado de Gastos do Orzamento e de 8.968.605,70 euros no Estado de Ingresos do Orzamento do exercicio 2017, non presentando en consecuencia déficit inicial .

TERCEIRO. A o Proxecto de Orzamento Xeral incorpórase a documentación legalmente exixible .

- Memoria suscrita polo Alcalde explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co orzamento actualmente en vigor.
- Estado de gastos e estado de ingresos.
- Bases de execución do orzamento.
- Liquidación do Orzamento do exercicio económico 2016.
- Anexo de persoal da Entidade Local, no que se relacionen e valoren os postos de traballo existentes na mesma, de forma que se dea a oportuna correlación cos créditos para persoal incluídos no orzamento.
- Anexo de investimentos a realizar no exercicio debidamente codificado.
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais.
- Anexo con información relativa aos convenios suscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social.
- Anexo do Estado da Débeda.
- Informe económico-financeiro, suscrito polo Concelleiro Economía e Facenda.
- Informe de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria, da Regra de Gasto e da Débeda Pública.

O expediente contén toda a documentación esixida e esta contén todas as previsións que a normativa establece, e cumpríronse todos os trámites esixidos.

CUARTO.- O Procedemento a seguir será o seguinte:

A. Emitido Informe pola Intervención, emitirase Ditame da Comisión Informativa de Facenda, que o elevará o Pleno da Corporación (cos anexos e documentación complementaria esixida pola lexislación) para a súa aprobación.

En relación á competencia o Pleno será o órgano competente para aprobar o Orzamento Xeral, sendo o quórum necesario para a válida adopción do Acordo de aprobación, o de maioría simple, a tenor do disposto nos artigos 22.2 e) e 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

B. Aprobado inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio económico, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

C. O orzamento considerarase definitivamente aprobado, si durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

D. O Orzamento Xeral deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia resumido por capítulos, entrando en vigor unha vez sexa publicado na forma prevista anteriormente.

E. Deberá remitirse unha copia do mesmo á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma, e dita remisión deberase realizar simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial da Provincia do anuncio descrito anteriormente.

Unha copia do Orzamento deberá acharse a disposición do público, a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva até a finalización do exercicio.

F. Contra a aprobación definitiva do Orzamento poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establezan as normas de devandita Xurisdición .

O Tribunal de Contas deberá informar previamente á resolución do recurso cando a impugnación afecte ou se refira á nivelación orzamentaria.

A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación.

CONCLUSIÓN

Visto o Proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2017, comprobados os documentos que contén este Proxecto, e considerando que existe equilibrio orzamentario, esta Intervención Municipal informa favorablemente o mesmo, debendo axustarse en canto ao procedemento de aprobación ao indicado neste Informe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE